

VICEPRESIDENCIA SEGUNDA E CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, EMPRESA E INNOVACIÓN XEFATURA TERRITORIAL DE OURENSE.

Rúa Curros Enríquez, 1-4º 32003 Ourense

ASUNTO: ALEGACIÓNS AO EXPEDIENTE IN408A 2021/18 E AO EXPEDIENTE IN408A 2018/017.

Don/Doña _____ con DNI. _____, con domicilio a efectos de notificación _____ concello de _____, provincia _____ teléfono _____

EXPÓN:

En relación á documentación presentada a avaliación pública, as seguintes consideracións:

1ª AFECCIÓN SEVERA E PREXUIZOS IRREVERSIBLES E DEFINITIVOS PARA AS MASAS CONSOLIDADAS DE FRONDOSAS (ANCIENT WOOD GALEGO) E A HUMEDAIS.

Indica promotora literalmente: “Ambas alternativas, la 1 y la 2 afectan a una superficie considerable de frondosas, esto se debe a que la línea debe unir dos parques eólicos, PE Lamas de Feás y PE Fonsanta con la subestación de Frieira propiedad de REE. A eliminación, previsiblemente definitiva e irreversible, das masas de frondosas non se pode considerar que sexa de interese público”.

2ª DIVISIÓN ARTIFICIOSA DE PROXECTOS AOS EFECTOS AMBIENTAIS.

A inclusión dos efectos e impactos tanto do proxecto do parque eólico como do proxecto das instalacións de evacuación de enerxía e de conexión incrementarían considerablemente a magnitude dos devanditos impactos detectados no EIA, facendo necesario valorar outras alternativas ou implementar novas medidas correctoras.

3ª AUSENCIA DE AVALIACIÓN AMBIENTAL ACUMULADA E SINÉRGICA DA TOTALIDADE DO CONXUNTO DAS INFRAESTRUTURAS.

Prodúcense 5 cruzamentos con liñas eléctricas e 2 con liñas de teléfonos no tramo de 132 kV Lamas de Feas- Fonsanta e 16 cruzamentos con liñas eléctricas e 5 cruzamentos con liñas de teléfonos no tramo de 220 kV Fonsanta- Frieira. Ademais, tamén próximas á LAT existen infraestruturas de telecomunicacións como son as Antenas da Rede de Telecomunicacións Galegas. A LAT conta cunha lonxitude total dentro da entorna do proxecto de 147.968 metros ou máis de 147 km.

4ª AFECCIÓN MOI SEVERA E PREXUIZOS IRREPARABLES PARA A REDE NATURA 2000 E A SÚA COHERENCIA. Falla de conectividade ecolóxica entre os ecosistemas.

Afección significativa e danos irreversibles a outros espazos protexidos: O proxecto da LAT de evacuación prevé unha afección severa para espazos coma: ZEC da Baixa Limia e Ponteliñares, ZEPA da Baixa Limia, Parque Natural Baixa Limia-Serra do Xurés, árbores e formacións singulares (carballo grande de Reboreda ou os carballos da praza de Bande), Reserva da biosfera de Allariz, espazos protexidos pola Rede Natura 2000, entre outros. A afección incrementaríase de forma severa xa que a ZEC Baixa Limia e a ZEPA Baixa Limia – Serra do Xurés atoparíanse afectadas polas LAT: Cartelle – Lindoso, Salas – Frieiras e Cunchas – Frieiras.

5ª PREXUIZOS SIGNIFICATIVOS E DANO IRREVERSIBLES PARA OS HÁBITATS PRIORITARIOS E DE INTERESE COMUNITARIO.

O proxecto elimina de forma irreversible unha parte importante destes hábitats vulnerando de forma flagrante a normativa que obriga a súa preservación nun estado de conservación favorable.

6ª AFECCIÓN SEVERA E PREXUIZOS IRREVERSIBLES PARA AS ÁREAS DE ESPECIAL INTERÉS PAISAXÍSTICO (AEIP).

O Parque Natural Baixa Limia - Serra do Xurés está situado na comarca da Baixa Limia, ao suroeste da provincia de Ourense, facendo fronteira con Portugal. Inclúe aos Concellos de Bande, Calvos de Randín, Entrimo, Lobeira, Lobios e Muíños. O Parque Arqueolóxico do Monte Grande, sitúase dentro dos límites do concello de Bande, na portela natural das Terras da Celanova ás Terras do Xurés ao través do Alto do Vieiro. Todo este cordal montañoso que forma a divisoria de augas entre o territorio que forman o Val do Limia e o curso medio do Arnoia, coñécese como a Serra de Bande, Monte Grande ou Arnedo. Un monte cunha gran riqueza patrimonial que se prestou para a creación dun espazo cultural e arqueolóxico ao aire libre.

7ª AFECCIÓN SEVERA AO PATRIMONIO CULTURAL E ARQUEOLÓXICO E A SÚA DESCONTEXTUALIZACIÓN.

A LAT é incompatible coa afección paisaxística as Veigas de Golpellás e ao Cadoiro de Firveda. O estudo patrimonial da promotora é moi deficiente e o Patrimonio cultural inmaterial está sen avaliar. A mercantil promotora obvia no IAE: arqueoloxía da paisaxe, a linguaxe das Penas: Penedo da Picota,

Penedo da Silva, o Penedo da Xesta, os Penedillos Moitos, o Penedo da Vela, o Penedo Grande, o Penedo Grande d'Home, o Penedo de Dobostela, o Penedo de Raseira...etc, os valos de pedra seca, o Camiño Real, os muíños e o patrimonio etnográfico vencellado aos ríos do ámbito xeográfico: Muíño Vello...etc, os foxos.

8ª AFECCIÓN MOI SEVERA E PREXUIZOS SIGNIFICATIVOS PARA OS RECURSOS HÍDRICOS. VULNERACIÓN FLAGRANTE DA DIRECTIVA MARCO DÁ AUGA (DMA). AUSENCIA DUN ESTUDO HIDROLÓXICO E HIDROXEOLÓXICO QUE GARANTA A CALIDADE DAS MASAS DE AUGA SUPERFICIAIS E SOTERRADAS E A NON AFECCIÓN AOS ACUÍFEROS.

Existen multitude de recursos hídricos na área de afección do proxecto obviados pola promotora. Prevese a localización de moitas das torres da LAT en zonas ribeiregas con cauces e humidais. O impacto aos recursos hídricos puidera ser irreversible. A rotura dun acuífero podería deixar sen auga á poboación e incluso a fontes e cauces.

9ª AFECCIÓN SEVERA E PREXUIZOS IRREVERSIBLES PARA O SISTEMA DE BRAÑAS E HUMIDAI DA ZONA DE AFECCIÓN DO PROXECTO.

Os humidais son fontes de vida, xa que o 40 % das especies do mundo viven ou se reproducen nestes espazos. Os servizos que brindan os humidais son incalculables e insubstituíbles. Existen máis de 30 espazos que presentan características higrófilas propias dos humidais e que se verían afectados severamente pola LAT de evacuación do parque eólico Fonsanta.

10ª AFECCIÓN SEVERA Á PROPOSTA DO NOVO LIC "BRAÑAS DE GOLPELLÁS" (ES1130015)

ANUNCIO do 21 de decembro de 2011, da Dirección Xeral de Conservación da Natureza, acordouse someter á participación do público a proposta de ampliación da rede Natura 2000 de Galicia. Entre esta ampliación figura o LIC BRAÑAS DE GOLPELLÁS, AGORA AFECTADO POLA LAT DE EVACUACIÓN DO PARQUE EÓLICO FONSAANTA. Este recuncho está entre os destinos ornitolóxicos máis apetecibles e singulares do noroeste ibérico. Sorprende pola mestura de plantas e animais, tanto atlánticos como mediterráneos, e polos seus relevos sinuosos, con amplos vales e montañas de máis de 1000 metros de altura.

11ª NON SE AVALÍA DE MANEIRA OBXECTIVA A ALTERNATIVA 0 EN RELACIÓN A TÓDOLOS ASPECTOS AMBIENTAIS E SOCIAIS.

Prevese unha afección moi severa por parte do proxecto da LAT ás familias que viven, residen e/ou traballan en máis de 60 núcleos poboacionais. Non se fala da afección sobre a calidade de vida dos residentes da contorna das instalacións, nin do consumo de recursos ou a non emisión de residuos que se evitarían coa non execución do plan. IMPACTOS SOBRE A SAÚDE HUMANA E O BENESTAR DÁS FAMILIAS AFECTADAS. Por outra banda, o ÉXODO POBOACIONAL PARELLO Á INSTALACIÓN DE INDUSTRIAS AGRESIVAS COA ENTORNA E CO MEDIO AMBIENTE. PRESIÓN INDUSTRIAL EXCESIVA.

En virtude do anterior, **SOLICITA:**

1.- O rexeitamento da solicitude de autorización administrativa previa, da declaración de utilidade pública, en concreto, coa necesidade de urxente ocupación, da autorización administrativa de construción, do proxecto de interese autonómico e do estudo de impacto ambiental do proxecto da LAT 132 kV SET Lamas-SET Fonsanta e LAT 220 kV SET Fonsanta-SET Frieira, situadas nos concellos de Calvos de Randín, Porqueira, Bande, Vereá, Celanova, Quintela de Leirado, Padrenda e Pontedevea, na provincia de Ourense (expediente IN408A 2021/18), DOG Núm. 96, de 19 de maio de 2022 e a súa retirada definitiva pola súa incompatibilidade cos valores ambientais e paisaxísticos presentes na área de afección do proxecto e a falla de licenza social.

OUTROSÍ DIGO: Que é preciso resposta motivada a estas alegacións segundo a Lei 39/2015 de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común. A falta de resposta é motivo de nulidade de pleno dereito da tramitación.

Fdo.-

En _____, a _____ de xuño de 2022.